

# XV Concurso de cartas “Dillo a quen maltrata” 2018

As presentes bases teñen por obxecto a concesión de premios do **XV Concurso de cartas “Dillo a quen maltrata”**, organizado polo Concello de Lalín, a través da Oficina de Igualdade, coa finalidade de promover a reflexión sobre a problemática da **violencia de xénero** nas súas diferentes manifestacións física, psicolóxica, sexual, económica, estrutural..., así coma os efectos e consecuencias da mesma.

## BASES DE PARTICIPACIÓN

1. Poderán participar todas as persoas que así o desexen. Cada participante poderá enviar un máximo de tres cartas.
2. As cartas deberán ser remitidas xunto coa ficha de inscrición ao  **Rexistro Xeral do Concello de Lalín** (Praza de Galicia, 1 - 36500 Lalín - Pontevedra) dentro dun sobre pechado, no que figurará XV Concurso de cartas “Dillo a quen maltrata”, tamén poderán enviarse por correo electrónico a [igualdade@lalin.gal](mailto:igualdade@lalin.gal), nun arquivo a carta e noutro a ficha de inscrición, indicando no asunto XV Concurso de cartas “Dillo a quen maltrata”.
3. A temática á que deben axustarse os traballos é **a violencia de xénero**.
4. Os traballos presentaranse en galego ou castelán e terán unha extensión máxima de dous folios, escritos por unha soa cara a dobre espazo, preferiblemente en letra Arial, tamaño 12 e formato DIN A4.
5. Todos os traballos que se presenten deberán ser orixinais, inéditos e non presentados en anteriores concursos.
6. Os criterios de valoración para elixir ás persoas premiadas serán os seguintes: contido e tratamento do tema (ata 4 puntos), orixinalidade (ata 3 puntos), expresión e presentación en xeral (ata 3 puntos).
7. Estas bases reguladoras publicaranse no Boletín Oficial de Pontevedra (BOPPO) e con posterioridade remitirase a convocatoria á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que será a que lle de traslado do seu extracto ao BOPPO.  
O prazo para a presentación das cartas empezará ao día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no BOPPO e rematará o **venres 2 de novembro**.

As bases estarán dispoñibles na web [www.lalin.gal](http://www.lalin.gal)

8. A organización do concurso procederá á preselección de vinte cartas. Os orixinais quedarán en poder da Oficina de Igualdade, que se reserva o dereito para a súa publicación, exposición, doazón..., ou calquera outro tratamento posterior, sempre sen ánimo de lucro.

9. Das vinte cartas preseleccionadas, un xurado, composto por concelleiros e concelleiras de diferentes áreas municipais e por persoal técnico con experiencia en violencia de xénero, presidido pola Concelleira de Igualdade, valorará entre 1 e 10 puntos cada unha das cartas atendendo aos criterios de valoración recollidos no punto 6. Entre as mellor puntuadas decidirá cales son as tres gañadoras.

O fallo do xurado recollerase nun acta e será levado á Xunta de Goberno Local para a aprobación da concesión dos premios, que se fará público na web do Concello de Lalín [www.lalin.gal](http://www.lalin.gal)

10. Os premios outorgaranse en especie e consistirán nun **diploma acreditativo** e os seguintes premios:

**1º premio: Tablet Android 10” 8GB**

**2º premio: Tablet Android 7” 8GB**

**3º premio: E-Book táctil 7” 4GB**

O importe total dos premios será de 271,44 € con cargo á aplicación orzamentaria 0.2312.48100.

Os premios entregaranse en acto público ao que deberán asistir, se é posible, as persoas gañadoras, que serán avisadas con antelación.

Os premios poderán ser declarados desertos e o fallo do xurado será inapelable.

11. As cartas gañadoras poderán divulgarse a través dos medios de comunicación e redes sociais.

12. As persoas participantes serán as únicas responsables do contido das súas cartas en canto a esixencias legais de dereitos de autoría ou plaxios, segundo as leis vixentes. Cada participante, polo mero feito de participar, acepta estas bases. Calquera outra circunstancia non prevista nas mesmas, será resolta polo xurado, e as súas decisións serán inapelables.

13. As persoas premiadas deberán acompañar declaración responsable do cumprimento dos requisitos previstos no artigo 13.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións. Sen esa declaración non poderán ser beneficiarias dos premios.

## FICHA DE INSCRICIÓN

Nome.....

Apelidos.....

DNI.....

Idade.....

Enderezo.....

Poboación.....

C.P. ....

Telf. ....

Correo electrónico.....

Centro de traballo ou estudos .....

.....

.....

Pola presente declaro a autoría das obras presentadas ao concurso e a posesión dos seus dereitos de autoría. Autorizo á Oficina de Igualdade do Concello de Lalín para a súa libre exposición, reprodución e publicación en actividades sen ánimo de lucro. Coa miña participación acepto as bases do concurso.

Firma:

Data:

**DESEXO QUE A AUTORÍA DA MIÑA CARTA  
QUEDE NO ANONIMATO EMPREGANDO O  
PSEUDÓNIMO**

.....

### **OFICINA DE IGUALDADE**

Praza de Galicia, 1  
36500 Lalín (Pontevedra)  
Telf.: 986 78 70 60  
[igualdade@lalin.gal](mailto:igualdade@lalin.gal)

**XV Concurso de cartas:**

# **“Dillo a quen maltrata”**

**novembro 2018**

### **ORGANIZA:**



**Concello de Lalín**  
Concellería de Igualdade  
[www.lalin.gal](http://www.lalin.gal)

